




MEMORIA DE FOMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA

CURSO 2013 - 2014

CEIP Isaac Peral

Ferrol



ÍNDICE

1. ESTUDIO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO	2
2. SITUACIÓN E OBXECTIVOS	3
3. CONSIDERACIÓNS XERAIS	5
4. DESCRIPCIÓN DOS OBXECTIVOS AXEITADOS A CADA SECTOR	6
5. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA	
5.1. As novas Tecnoloxías:	
• A Páxina web	7
• Os nosos blogues	8
• Introducción ao software en lingua galega	9
5.2. Celebracións	
• As Festas Tradicionais	10
• As conmemoracións	11
5.3. As exposicións	12
5.4. Publicacións: Revista Escolar “Mareiriña”	14
5.5. Recuperación de Xogos Populares	15
5.6. escoitar:	
• Visitas de autores e ilustradores galegos	16
• Contacontos	16
5.7. escoitar – Dicir – Escribir	
• Concurso de narrativa	17
5.8. Saídas escolares en prol da Lingua	17
5.9. Participación no Correlingua	18
5.10. Elaboración de materiais diversos	
• Axenda Escolar	19
• Calendario de peto	19
• Calendario de familias	19

5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:

5.1. AS NOVAS TECNOLOXÍAS: A PÁXINA WEB

OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar a lingua galega nas situacións comunicativas. • Potenciar a lingua galega nas actividades do centro. • Comunicarse en lingua galega con nenas e nenos doutros centros educativos a través das TIC dentro do espazo de emprego curricular das novas tecnoloxías. • Que as novas tecnoloxías reflectan a actividade cotiá dos nenos e nenas e que contribúan a asentarse como grupo.
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> • Regular o uso das TIC no ámbito escolar e familiar. • Proxecto a longo prazo (PXA) do centro no ámbito das TIC • Modelo de páxina web con uso nos anteriores cursos, pero con desexo de que sexa máis participativa: o proxecto TIC considera como prioritario que sexa unha maior porcentaxe de profesorado quen incorpore información á páxina web do centro. • O apartado da páxina web dedicado ás actividades do EDLG está actualizándose continuamente.
ACCIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> • Actualización e uso da lingua galega na páxina web do centro. • Posta en funcionamento de xeito destacado do apartado de EDLG. • Incorporación do profesorado do EDLG para a subida de contidos á web.
MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> • Ordenadores do centro. • Cámara fotográfica. • Diferente software.
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> • En toda a comunidade escolar. • Integración de esforzos do profesorado: traballo en equipo. • Visualización dos esforzos do colexio cara ás familias. • Encontros dos nenos e nenas fóra da aula. • Valorar os esforzos do Colexio de cara á contorna escolar e social máis próxima (intercambio de experiencias con outros colexios) .



A nosa web é un medio de difusión da nosa lingua



FALEMOS GALEGO!

Galego, por que non o falas?
Queres saber cal é a situación da nosa lingua?
Mira este vídeo



MOTIVOS POLOS QUE FALAR GALEGO

Dende a Secretaría Xeral de Política Lingüística preséntannos unha páxina participativa na que podes ver algunhas opinións sobre os motivos que temos para falar galego.

Queres participar e dicirmos cales son os teus motivos para falar galego?
Preme na imaxe e accederás.

LIGAZÓNS DE INTERESE

 S.X.P. LINGÜÍSTICA	 R. A. G.	 DICCIONARIOS	 LETRAS GALEGAS
 NORMAS ORTOG.	 LEXISLACIÓN	 SEMINARIO GALÁN	 COORD. GALEGA

DOCUMENTOS

- ➔ Instrución da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aos centros educativos ao abeiro do disposto no Decreto 79/2010 sobre Educación Infantil
- ➔ Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este.
- ➔ Enquisa ás familias do alumnado de E. Infantil resumida.
- ➔ Enquisa ás familias de E. Infantil completa
- ➔ Enquisa sociolingüística para o profesorado
- ➔ Enquisa sociolingüística para as familias

O NOSO PROXECTO

RECUPERAMOS TRADICIÓNS

 SAMÁIN	 MAGOSTO	 O APALPADOR	 ENTROIDO
---	--	--	--


O NOSO PROXECTO


ACTIVIDADES


PROX. LINGÜÍSTICO



5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:

5.1.AS NOVAS TECNOLOXÍAS: OS NOSOS BLOGS

OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Achegar a actividade escolar ás familias. • Utilizar a lingua galega en todas as situación comunicativas • Comunicarse en lingua galega con nenos e nenas doutros centros educativos a través das TIC dentro do espazo de emprego curricular das novas tecnoloxías. • Reflectir a actividade cotiá a través das novas tecnoloxías e, polo tanto, contribuír a aceptar a súa identidade como grupo.
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> • Regular o uso das TIC no ámbito escolar e familiar. • Proxecto a longo prazo do centro (PXA)no ámbito das TIC. • Experiencia da utilización dos nosos blogs, tanto os de recompilación de recursos coma o de actividades da biblioteca ou o de lecturas na rede.
ACCIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> • Mantemento, expansión e actualización dos blogs con base lingüística no galego específicos da biblioteca: o de novas da biblioteca (PLAMBE) “Mergúllate na lectura” e o de “lectura na rede” • Actualización do blog de recursos: “Matemáticas informatizadas” “Blogñecemento” e “Pequeblog” (o blog de recursos de infantil) • Actualización do blog de orientación “Orientablog” e do blog de “Bibliolandia” de traballos do noso alumnado. • Pór en funcionamento un blog específico de recursos de lingua galega. • Pór en funcionamento un blog específico de novas do EDLG.
MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> • Ordenadores e ultraportátiles do centro. • Cámara fotográfica. • Escáner.
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> • Na contorna escolar: familias. • Nas aulas de infantil e primaria. • Como modelo a seguir entre o profesorado. • Usuarios da biblioteca.



5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:	
5.1. AS NOVAS TECNOLOXÍAS: INTRODUCCIÓN DO SOFTWARE EN L. GALEGA	
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Xeneralización do uso da lingua nas ferramentas máis utilizadas informaticamente. • Introducir software, ferramentas e programas de uso libre lingua galega.
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> • Uso de software de Microsoft en lingua castelá. • Uso xeneralizado de software de pago.
ACCIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> • Utilización de sistema operativo, programas e ferramentas informáticas de uso libre: Linux (en galego), a suite OpenOffice (en galego), o navegador Mozilla Firefox, o programa de edición de imaxes Gimp.
MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> • Ordenadores. • Sistema operativo Linux. • Software de suite Open Office en lingua galega.
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> • En boa parte da comunidade escolar: ordenadores e ultraportátiles do 3º ciclo de Primaria, ordenadores de secretaría, sala de profesores, biblioteca...

Secretaría Xeral de Política Lingüística
Contacto | Servizos

Vivir en Galego

Está vostede en Inicio » VIVIR EN GALEGO » Vive en galego

BUSCAR

MENÚ

POLÍTICA LINGÜÍSTICA
VIVIR EN GALEGO
Datos básicos da lingua galega
Vive en galego
Na tecnoloxía
Na familia
Na moodade
Na empresa
Na sociedade
O galego no exterior
Letras Galegas
Institucións
Iniciativas normalizadoras
Toponimia
Dicionarios e léxicos
Enciclopedias
Fraseseoloxía
Normas
Ferramentas informáticas
APRENDER GALEGO

O galego nas novas tecnoloxías

Paquetes Ofimáticos	Sistemas Operativos	Software libre
Software para empresas	Conectores	Tradutores automáticos
Dicionarios en rede	Navegadores	TDT
Conversor texto-voz	Buscadores	Telefonía móbil
Reprodutores MP3 e MP4	Sistemas para facer blogs	Auditor de accesibilidade

Paquetes ofimáticos

Microsoft Office

O paquete en galego para Microsoft Office 2003 ofrece unha interface de usuario en galego para os seus programas Word, Outlook, PowerPoint e Excel. Tamén o paquete de interface do Windows XP e, agora, o Vista. Xa se pode ter o Office 2007 en galego e tamén o sistema operativo Windows. Todo en <http://www.microsoft.es/gal>

OpenOffice.org

OpenOffice é un conxunto de aplicacións de oficina que están dispoñibles na rede de xeito gratuito (software libre) e que conta con procesador de texto, folla de cálculo, programa de deseño gráfico, de presentacións, base de datos, editor visual de páxinas web... Ten todas as programas máis usados

Utilización do software en lingua galega

5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:**5.2. CELEBRACIÓNS: FESTAS TRADICIONAIS**

OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Achegar os costumes populares de Galicia e da nosa bisbarra . • Que todos os nenos e nenas sexan quen de: <ul style="list-style-type: none"> • Comprender a importancia de manter as tradicións de Galicia. • Elaborar materiais diversos relacionados coas festas tradicionais utilizando a lingua galega. • Elaborar redaccións, cómics, murais, cancións ... • Expresar oral e graficamente ideas sobre festas populares, as súas orixes e repercusións. • Participar con poemas, cantigas, bailes, contos ... en lingua galega ante pequenos e grandes grupos. • Participar na páxina web do colexio con producións referidas a estas festas.
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> • Todos os anos fanse as celebracións das festas tradicionais galegas. • A contorna social vive unha recuperación destas tradicións. • Incluído na PXA.
ACCIÓNS	<p>Todas as encamiñadas a celebrar as seguintes festividades:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Magosto • Samain • Nadal – O apalpador • A Paz • Entroido • Maios • Semana das Letras Galegas
MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> • CDs • Libros e revistas • Materiais específicos de cada festa (castañas, cabazas, flores..) • Cartolinas, papeis ...
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> • En toda a comunidade escolar

CELEBRAMOS O MAGOSTO



Comín comín, comín moitas castañas.



Bebín, bebín, bebín, bebín vasos de leite.

Xoguei, xoguei xoguei...



As nenas e nenos do 1º ciclo de EP cantamos e bailamos, celebrando a festa do Magosto, "As abelliñas de Miguel"



Os do 2º ciclo pasámolo ben co xogo tradicional "As castañas van caendo"



Os maiores interpretamos con diferentes instrumentos a canción "Comín, comín" e todo o colexio acompañouños cantándoa.



SAMAÍN SAMAÍN



Sabiades que o SAMAÍN ten máis historia ca Halloween? Pois si! A celebración de Halloween inspirouse nesta festa celta.

Cando os celtas habitaban Galiza, o seu calendario era moi diferente do noso. O seu aninovo era o 1 de novembro, en troques do 31 de decembro. Nesta data remataba a estación da luz e comezaba a da escuridade, O INVERNO.

Esta noite, a que vai do 31 de outubro ao 1 de novembro, non pertencía nin a un ano nin a outro... era a súa noite máxica.

Logo chegaron os romanos e máis tarde os cristiáns e, pouco a pouco, foise cambiando a festa orixinal. Este día pasou a ser o "Día de Todos os Santos" de onde ven Halloween.

Se hai algo que aparece por todas partes cando chega o Samaín son as cabazas con caras esculpidas. A todos nos gusta converternos en artistas e baleirar estas hortaliças, facerlles uns buratos e prenderlles unha candeia dentro. Esta tradición tamén a hai en Irlanda.



Pero para cabazas as nosas! A tradición galega tenlles moitos nomes diferentes: melóns en Cedeira, Calacús nas Rías Baixas ou Bonecas en Xermade. Pero todas son iguais: caras horripilantes para alumear esta noite máxica. Pero, sabes preparar a túa?

CANDO A BALEIRES, NON TIRES NADA!!!!

O APALPADOR CHEGA AO ISAAC PERAL



O Apalpador é un home que vive nas montañas de Lugo, ocupado durante todo o ano en facer carbón. Come froitos silvestre e porcos bravos que caza no monte. Viste un traxe vello e cheo de remendos, e unha boina. Fuma en pipa e ten barba.

Todos os 24 de decembro baixa das montañas para visitar aos nenos e nenas galegas. Cando están durmidos tócalles a barriga para ver se están fartos ou teñen fame. Se están fartos di: "así, así esteas todo o ano"- e déixalles unha presa de castañas. Se teñen fame non di nada, pero déixalle castañas igual. Pode deixar algún presente máis, pero sempre feito por el.



No nadal, o apalpador
chega ao noso centro

CELEBRACIÓN DOS MAIOS



LETRAS GALEGAS 2014: "XOSÉ M^a DÍAZ CASTRO"

Normalización Ling.



LETRAS
GALEGAS
2014



Presentación sobre a vida e obra

A SÚA VIDA E OBRA



Presentación da vida e obra



Cuestionario

Elaborado polo Seminario Galán



Díptico Exposición Obra

Recompilación de recursos na nosa web sobre XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO



Presentación da súa vida

CEIP "A Maia"



Vida e obra-Banda deseñada



Biografía

5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:

5.2. CONMEMORACIÓNS

OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Reflexionar sobre temas de actualidade, de respecto polos dereitos humanos e de conservación do medio, usando como lingua oral nos seus debates a lingua galega. • Elaborar materiais diversos relacionados coas conmemoracións respectivas en lingua galega: redaccións, cómics, murais, cancións.. • Expresar oral e graficamente ideas sobre as conmemoracións respectivas e as súas repercusións. • Aumentar o gusto pola lectura en galego.
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> • Incluídas na PXA. • Xa establecidas : hai moitos anos que se veñen celebrando no centro. • Moi promovidas institucionalmente.
ACCIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> • Xaneiro: O Día da Paz • Febreiro: O Entroido • Abril: O Día do Libro. XIV Certame de Creación Artística Poesía e Imaxe • Correlingua • Maio: Letras Galegas
MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> • DVDs e CDs • Libros e revistas • Materiais funxibles necesarios para a elaboracións dos traballos escolares.
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> • En toda a comunidade escolar: a participación dos nenos e nenas é masiva. • Persoas externas ao centro: contacontos, escritores ... • Familias dos nenos e nenas como receptores



DÍA DA PAZ 2014

Normalización Ling.



CELEBRACIÓN DO DÍA DA PAZ: 30 DE XANEIRO



Para celebrar esta data tan importante fixemos moitas actividades nas aulas.

Escoitamos un conto moi bonito titulado **AS CORES DO ARCO DA VELLA**



Fixemos **A POMBA DA PAZ DE PICASSO**

Cada alumno/a escribiu un **DESEXO NA POMBA** e intercambiámola cun compañeiro/a do cole:



O alumnado de 1º cambiou a súa pomba con 3º

O alumnado de 2º con 5º

O alumnado de 4º con 6º



Entre todos fixemos **UN MURAL CON POMBAS DE CORES** formando un **ARCO DA VELLA**



O alumnado de Infantil fixo as pombas de cor verde

O alumnado de 1º de cor amarelo

O alumnado de 2º de cor azul

O alumnado de 3º de cor laranxa

O alumnado de 4º fixo as pombas de cor púrpura

Os de 5º de cor vermello

Os de 6º de cor añil



Todos os nenos e as nenas fixemos tamén unha cinta de cartolina para poñer na fronte cunha pomba da cor que lle tocou á nosa clase.

Púxemola o día do acto conxunto no patio



Día da Paz
2014



ENTROIDO 2014

Normalización Ling.

O LUNS COMEZAMOS COS MANDADOS DO ENTROIDO!!!!



MANDADOS DO ENTROIDO

PÍNTATE DE CORES

LUNS



Azul é o ceo
azul é o mar
Vístete de azul
e a eles te parecerás



MARTES



Amarelo coma o sol
que nos dá moita calor
se con esa cor te pos...
ti, si que serás un sol



MÉRCORES



Estou no lume e no sangue
estou chea de valor
amiga dos namorados
a cor vermella son



Degustación de
productos típicos do
entroido 2014



O XOVES CELEBRAMOS A FESTA DO ENTROIDO

Comezamos cun desfile arredor do colexio ao que estaban invitadas as familias.
Podemos ver as imaxes neste vídeo.




Noraboa á actuación da nosa banda de música que animou todo o desfile



E mirade que ven o pasaron e como disfrutaron na discoteca preparada no centro especialmente para este día



Á volta das vacacións, queimamos o meco



O noso MECO





CELEBRACIÓN DO DÍA DE ROSALÍA



O 24 de febreiro conmemórase o DÍA DE ROSALÍA coincidindo co día en que naceu no ano 1837.

Para conmemorar esta data, durante a semana do 17 ao 21 de febreiro traballouse nas aulas sobre a vida e obra de Rosalía de Castro. Algunhas familias colaboraron aportando poemas para ler nas aulas que despois pasaron a formar parte dunha exposición sobre Rosalía que se organizou na ludoteca do centro.

Na hora de ler, durante toda a semana, viñeron algúns pais e nais a ler nas aulas obras da poetisa galega. Esta actividade resultou moi agradable enriquecedora, tanto para o alumnado como para as familias.



Tamén veu a cantante **Maria Manuela** que é familiar dunha alumna de 2º A.
Actuou para o alumnado do 1º ciclo de Primaria



Moitas grazas por acompañarnos nesta homenaxe a Rosalía de Castro

Na fachada do edificio de Primaria pintamos a Rosalía de Castro. Así foi como quedou....




Finalmente o venres 21 fíxose un acto conxunto no patio no que un grupo de alumnado fixo unha presentación sobre a vida de Rosalía. Para rematar todos xuntos cantamos a cantiga XAN aprendida nas aulas e na clase de música.



5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:

5.3 EXPOSICIÓNS

**OBXECTIVOS**

- Observar as características dos diferentes períodos do ano en Galicia.
- Reflexionar sobre la problemática xeral do medio.
- Ler en lingua galega todo tipo de mensaxes.
- Falar en lingua galega sobre temas relacionados coas distintas áreas do currículo.
- Respectar e valorar o traballos dos nosos antergos.
- Crear novos lazos de amizade.
- Coñecer elementos naturais da nosa terra: can de palleiro, galiñas de mos ...
- Usar a lingua galega en todas as ocasións.

CONTEXTO

- Incluídas na PXA.
- Son ben recibidas. A maioría están institucionalizadas.

ACCIÓNS	<p>Distintas exposicións como:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Exposición de cabazas e castañas feitas polo alumnado . • Exposición de traballos centrados no Nadal: postais de Nadal • Recital de poesía de autores galegos. • Exposición de mural dedicado á Paz. • Exposición de máscaras no Entroido. • Charla por parte dun experto sobre elementos naturais <p>Exposicións fotográficas de distintas actividades.</p>
MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> • Froitos . • Material funxible. • Cámara de fotos. • Expositores.
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> • En toda a comunidade escolar




Exposición de
Cabazas

Exposición de
Castañas



5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:

5.4. PUBLICACIÓNS: REVISTA ESCOLAR MAREIRIÑA



OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Participar activamente todo o alumnado na elaboración dos textos: novas, artigos, pasatempos, ocupación de momentos de lecer ... • Continuar asentando unha das canles de comunicación educativas máis valorada no centro. • Reflectir dun xeito breve os logros acadados ao longo do curso escolar. • Valorar os traballos en equipo. • Ligar a memoria e a lingua galega.
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> • Moi boa acollida.
ACCIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración da nosa revista escolar “Mareiriña” que reflicte o noso traballo e actividades realizadas ao longo do curso. • Difusión da revista na web do centro e información da súa existencia por e-mail ás familias. • Impresión en papel dunha revista por ciclo.
MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> • Materiais informáticos.
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> • En toda a comunidade escolar.



5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:

5.5. RECUPERACIÓN DE XOGOS POPULARES



OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Recitar retahílas, pareados ou trabalinguas acompañando os xogos populares. • Participar en xogos cooperativos e solidarios. • Incrementar o número de nenos e nenas participantes en xogos que eles non consideran propios do seu sexo. • Coñecer os xogos populares das diferentes épocas do ano e a súa relación coa contorna. • Coñecer e interpretar cantigas do folclore tradicional galego con instrumentos musicais escolares. • Memorizar textos de rifar en cada xogo. • Empregar e respectar as normas de xogos. • Introducir a temporalización dos xogos. • Participar en encontros con outras comunidades escolares. • Manter o xogo popular como un sinal de identidade.
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> • As aprendizaxes máis significativas fanse a través de experiencias emocionais e, entre elas, o xogo. A lingua galega pode verse beneficiada do xogo no contexto castelán falante. • As clases de educación física e educación musical adaptan a súa programación a este sinal de identidade do centro.
ACCIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> • Temporalización dos xogos, o que non implica que non saian outros xogos no patio: <ul style="list-style-type: none"> • Tempo do peón, chave e petanca (outono) • Tempo do diábolo e dos pratos chineses (inverno) • Tempo da corda e da goma (primavera) • Tempo dos zancos, brilé e canicas (verán) • Xornadas de recuperación de xogos populares: rotacións entre distintos xogos populares • Interpretación de cantigas populares con instrumentos musicais escolares. • Participación das familias ensinando xogos populares propios da súa época. • Participar en xogos populares
MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> • Equipos de música, CDs • Xoguetes: peóns, pratos chineses, diábolos, zancos...

5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:

5.6 : ESCOITAR: VISITAS DE AUTORES E ILUSTRADORES GALEGOS



O escritor galego
"Antón Cortizas é
o padriño da
nosa biblioteca



OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Achegar o alumnado á literatura oral.
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> • Todos os anos recibimos as visitas de varios autores. • Son acollidos con gran aceptación e entusiasmo.
ACCIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> • Visita de escritores e ilustradores de libros infantís en lingua galega: Antón Cortizas (padriño da nosa biblioteca), Ánxela Loureiro, Leandro Lamas ...
MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> • Libros en lingua galega.
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> • Todo o alumnado.



SUSO CUBEIRO



O mércores, 26 de marzo, **SUSO CUBEIRO**, "o pintor das fragas galegas"; ilustrador de natureza e libros infantís e xuvenís, achegouse á ludoteca do noso colexio para impartir un taller creativo ao alumnado de 3º de Primaria.

Este encontro estivo motivado polo proxecto da nosa biblioteca: "Ferroleando polos lenzos", que trata de animar á lectura a través da pintura.



Cubeiro comezou a contarles unha historia que acompañaba con debuxos de trazos sinxelos, e que os nenos ían plasmando nos seus folios.

Cal foi a sorpresa ao veren xurdir das súas pequenas mans figuras moi parecidas ás do ilustrador Suso Cubeiro. Tal é a súa maestría para facer e ensinar!



5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:

5.6. ESCOITAR – CONTACONTOS



Sesións de contacontos

OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Achegar a cultura en lingua galega a nenas, nenos e maiores.
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> • Todos os anos recibimos a visita de contacontos que son acollidos con gran aceptación.
ACCIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> • Traer ao centro escolar contacontos profesionais. • Utilizar as visitas á biblioteca para escoitar historias contadas polos propios profesores. • Invitar a persoas maiores (avós) para que conten experiencias persoais interesantes para o alumnado.
MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> • Megafonía do centro. • Libros susceptibles de ser lidos.
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> • En toda a comunidade escolar.

CONTACONTOS



O martes, 29 de abril, o alumnado de educación infantil disfrutou dunha sesión de contacontos na biblioteca "Antón Cortizas" do noso centro. Ali esperábaos **IAGO LOPEZ** que fixo unha interpretación de dous contos:

"O aprendiz de home do saco" e

"O señor corpo quere xogar".

Este acto foi posible grazas á xentileza da Editorial **ANAYA** no seu afán de animación á lectura.





Escoitaron con moito interés.



O saco intrigábaos un pouco...



Pero de medo, nada!



CONTOS E MÚSICA



Venres, 21 de febreiro: sesión de contos e música na biblioteca do centro dirixida ao alumnado de cinco anos e de 1º de Primaria.

Álex Fente e Patricia González, do equipo de animación á lectura da editorial KALANDRAKA, foron os encargados de despertar a imaxinación e a sensibilidade dos nenos e nenas.



A sesión comeza co conto **BOAS NOITES, BUFO!**. Conto acumulativo e repetitivo, cheo de onomatopeas que axudan aos primeiros lectores a familiarizarse cos sons e ser partícipes da narración do mesmo.



O segundo conto titúlase **MAMÁ**. Según palabras da propia autora -Mariana Ruiz Johnson-, é "un canto poético sobre a maternidade, a Nai Terra, e o amor". As ilustracións son unha homenaxe a figuras da pintura: dende Paul Klee a Frida Kalho.



A narradora Patricia, elixiu para rematar a sesión o conto: **ONDE VIVEN OS MONSTROS**. Álex acompañaba co seu acordeón tanto as ondas do mar, coma os ruxidos dos monstros. Monstros rosmons, pero tenros; froito da imaxinación dun neno chamado Max.



Que atentos estaban os nenos e as nenas!



5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:

5.7 : ESCOITAR – DICIR – ESCRIBIR: CONCURSO DE NARRATIVA

OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Promover a lectura/escoita/escrita de textos en lingua galega • Descubrir as potencialidades lecto-dramáticas de moitos nenos e nenas.
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> • É preciso valorar os progresos lectores de nenos e nenas.
ACCIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura en voz alta por ciclos en Educación Primaria e Infantil. • Lectura por parte das nais, pais, avós ... de textos en lingua galega.
MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> • Libros da biblioteca
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> • En toda educación primaria e infantil dado que moitas lecturas son colectivas.

Na hora de ler, durante toda a semana, viñeron algúns pais e nais a ler nas aulas obras da poetisa galega. Esta actividade resultou moi agradable enriquecedora, tanto para o alumnado como para as familias.



5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:

5.8 : SAÍDAS ESCOLARES EN PROL DA LINGUA

OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> Favorecer institucionalmente as saídas á contorna que supoñan unha mellora da lingua falada dos participantes e un incremento na súa bagaxe sobre a cultura galega.
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> É habitual que o centro programe visitas á contorna cultural galega.
ACCIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> Ás saídas dispostas na PXA e aprobadas polo Consello Escolar co centro: Sociedade Galega de Historia Natural, á concatedral de San Xiao, Fragas do Eume...
MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> Os referidos ás actividades previas e posteriores ás saídas.
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> Alumnado e profesorado do centro.



Visita DE 4º a Granxa Alvarella - Vilarmaior

OS ALUMNOS E ALUMNAS DE 1º e 2º DE PRIMARIA RECIBEN O SEU BAPTISMO DE MAR

O alumnado de 1 e 2º curso de Educación Primaria recibiu o seu BAPTISMO DE MAR na ría de Ferrol.

Acompañáronnos os seus profes Ana, Rosario, J Luis, Fernando, Marián e Norit.

Foi unha boa experiencia para todos.



Aquí está o alumnado pola ría de Ferrol



5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:

5.9. PARTICIPACIÓN NO CORRELINGUA




Correlingua 2014

OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Achegar os desexos da sociedade en canto á normalización da lingua galega á comunidade escolar
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> • O centro participa neste evento socio-lingüístico dende o inicio da actividade.
ACCIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> • Participación do alumnado no Correlingua organizado en Ferrolterra. • Elaboración dun documental gráfico sobre dita participación que serva de foro para un diálogo na aula.
MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> • Cámara fotográfica.
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> • No alumnado e na sociedade en xeral.

CORRELINGUA 2014

Comunidade Ling

A NOSA CARREIRA POLA LINGUA: CORRELINGUA 2014



O xoves 8 de maio, as nenas e nenos de 4º B e de 2º de Primaria participamos na carreira pola lingua "CORRELINGUA". Comezamos a xornada cunha carreira pola rúa Galiano ata a Praza de Armas para continuar con actividades de xogos populares. Por último tivemos a sorte de escoitar ao grupo TIC - TAC no teatro "Jofre".

PASÁMOLO MOI BEN !!! Estas son algunhas imaxes.



Máis fotografías na nosa galería de imaxes



5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:

5.10: ELABORACIÓN DE MATERIAIS DIVERSOS: Axenda escolar

OBXECTIVOS	Introducir a lingua galega en obxectos e ferramentas de uso cotiá do alumnado.
CONTEXTO	Elaboración dunha axenda escolar para o alumnado do 3º ciclo de primaria.
ACCIÓNS	Elaborar unha axenda escolar para o alumnado de 3º ciclo na que atopen, ademais dos apartados clásicos de anotacións diarias, outras informacións valiosas sobre a súa escolaridade e documentos sinxelos que faciliten a acción titorial.
MATERIAIS	Inicialmente dixitalizada e, posteriormente, elaborada en papel, pero impresa e acabada nunha copistería.
IMPACTO	No alumnado do 3º ciclo de educación primaria. Na acción titorial destes grupos. Na información que se lles pode subministrar ás familias.

5.10: ELABORACIÓN DE MATERIAIS DIVERSOS: Calendario de peto

OBXECTIVOS	Introducir a lingua galega en obxectos e ferramentas de uso cotiá do alumnado. Promoción da Lingua galega no colexio.
CONTEXTO	Elaboración dun calendario para a totalidade do centro.
ACCIÓNS	Elaboración dun calendario de peto para repartir entre o alumnado e as familias para levar a cabo a promoción da lingua galega. Construción por parte do alumnado.
MATERIAIS	Tras a selección, impreso e plastificado nunha copistería.
IMPACTO	En toda a comunidade escolar.

5.10: ELABORACIÓN DE MATERIAIS DIVERSOS: Calendario de familias

OBXECTIVOS	Introducir a lingua galega en obxectos e ferramentas de uso cotiá das familias e as empresas da contorna.
CONTEXTO	O centro ten pouca presenza física nas empresas e familias que viven na proximidade. É positivo que nalgúns lugares esta presente a través de algo tan sinxelo como un calendario.
ACCIÓNS	Elaborar un calendario coas ilustracións do alumnado.
MATERIAIS	Tras a selección, imprimírase nunha copistería.
IMPACTO	Na contorna do colexio. En toda a comunidade educativa.



ANEXO II
CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES

A coordinadora do proxecto comprométese a desenvolver as actividades programadas no caso de obter o financiamento suficiente

TEMPORALIZACIÓN	TÍTULO DA ACTIVIDADE	RESPONSABLE/S E DEPARTAMENTO/S AO QUE PERTENCEN	DESTINATARIOS /AS	ORZAMEN TO	MATERIAL NECESARIO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES
Todo o curso	Páxina web	Equipo directivo Dinamización das Tics EDNLG	Toda a comunidade	500€	Computadores Cámara fotos Cámara vídeo Diferente software
Todo o curso	Blogs escolares	Equipo directivo Dinamización das Tics EDNLG Profesorado	Toda a comunidade		Computadores Cámara fotos Cámara vídeo Escáner
Todo o curso	Introdución do software en lingua galega	Dinamización das Tics EDNLG	Alumnado e profesorado		Computadores Software en lingua galega
Novembro: Magosto e Samaín Decembro: Nadal Febreiro: Entroido Maio: Os maíos	Festas tradicionais	EDNLG Todo o profesorado	Persoal docente e non docente. Alumnado	300€ para adquisición de material.	Materiais CDS Libros Revistas, materiais específicos de cada festa,... Cámara de fotos
Xaneiro: día da Paz Febreiro : día da Música Marzo: semana da prensa Abril: día do Libro Maio: Letras galegas	Conmemoracións	Equipos dinamizadores do centro: normalización, biblioteca, convivencia,...	Persoal docente e non docente. Alumnado	200€ para adquisición de material.	Materiais diversos segundo as conmemoracións Cámara de fotos
Todo o curso escolar	Exposicións	Todo o profesorado	Toda a comunidade educativa	200€ para adquisición de material	Materiais diversos segundo as exposicións Cámara de fotos
Todo o curso escolar	Revista Mareiriña	EDNLG Todo o profesorado	Toda a comunidade educativa	1500€ impresión	Materiais informáticos, de imprenta e escolares
Maio	Xogos populares e mostra de oficios tradicionais	EDNLG Todo o profesorado	Alumnado	600€	Equipos de música Cds Xoguetes populares
Todo o curso	Contacontos	EDNLG Equipo da biblioteca	Alumnado e profesorado		Megafonía e libros
Todo o curso	Visita de autores e ilustradores	EDNLG Equipo da biblioteca	Alumnado e profesorado		Megafonía e libros
Todo o ano	Concurso de narrativas	EDNLG Equipo da biblioteca	Alumnado e profesorado	200€	Materiais funxibles. libros
Maio	Correlingua	EDNLG	Alumnado e profesorado	300€ para desprazamento	Cámara fotos vídeo
1º trimestre	Axenda escolar Calendario de peto Calendario familias	EDNLG Tics	Comunidade educativa e contorna	500€	Imprenta Escáner Computadores
				4300€	

MEMBROS DO EDNLG

Coordinadora: Gloria Martínez Quintián

Rosario Martínez Sejjido

M^a Pilar Rodríguez Carrasco

Rosa Anido Abeledo

M^a Ángeles Salorio Fernández

A COORDINADORA DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

NOME E APELIDOS: **GLORIA MARTÍNEZ QUINTIÁN** - DNI: **32613356 T**

Lugar e data

Ferrol a 12 de marzo de 2014

VISTO E PRACE DA DIRECTORA DO CENTRO

NOME E APELIDOS: **M^a JOSÉ PIÑEIRO ABELEDO** DNI: **32636496W**

Lugar e data

Ferrol a 12 de marzo de 2014